

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN  
XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE

Rúa Curros Enríquez, 1-4º

32003 Ourense

**Asunto:** Alegacións ao ACORDO do 20 de maio de 2022, da Xefatura Territorial de Ourense, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, coa necesidade de urxente ocupación, a autorización administrativa de construción, o proxecto de interese autonómico e o estudo de impacto ambiental do parque eólico Rodicio, situado nos concellos de Maceda e Montederramo, da provincia de Ourense (expediente IN408A 2018/030), DOG Núm. 109, de 8 de xuño de 2022 e alegacións ao ACORDO do 3 de febreiro de 2021, da Xefatura Territorial de Ourense, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, e a necesidade de urxente ocupación, a autorización administrativa de construción, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental do proxecto do parque eólico Rodicio II, situado nos concellos de Maceda e Montederramo, da provincia de Ourense (expediente IN408A 2020/42), DOG Núm. 39, de 26 de febreiro de 2021.

Don/Dona \_\_\_\_\_ con DNI.  
Número \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, municipio de \_\_\_\_\_, provincia \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_.

**EXPÓN:**

Á vista do Acordo do 20 de maio de 2022, da Xefatura Territorial de Ourense, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, coa necesidade de urxente ocupación, a autorización administrativa de construción, o proxecto de interese autonómico e o estudo de impacto ambiental do parque eólico Rodicio, situado nos concellos de Maceda e Montederramo, da provincia de Ourense (expediente IN408A 2018/030), DOG Núm. 109, de 8 de xuño de 2022, por medio do presente escrito realiza as seguintes **ALEGACIONES:**

**I.- ANTECEDENTES**

**1.-** Por ACORDO do 3 de febreiro de 2021, da Xefatura Territorial de Ourense, sométese a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, e a necesidade de urxente ocupación, a autorización administrativa de construción, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental do proxecto do parque eólico Rodicio II, situado nos concellos de Maceda e Montederramo, da provincia de Ourense (expediente IN408A 2020/42), DOG Núm. 39, de 26 de febreiro de 2021.

Solicitante: Greenalia Green Power, S.L.U.; CIF B70501473.

Características técnicas recollidas no proxecto:


- 3 aerogeradores modelo SG145 4,5 do fabricante Siemens Gamesa ou similar, cunha altura de buxa de 107,5 m, diámetro de rotor de 145 m e unha potencia máxima activa de xeración eléctrica de 4.500 kW, cos seus correspondentes centros de transformación, situados na propia nacelle dos aerogeradores, con potencia unitaria de 5.000 kVA e relación de transformación de 0,69/30 kV.
- Rede eléctrica soterrada a 30 kV, de interconexión entre os centros de transformación dos aerogeradores e o centro de seccionamento e control (CSC) do parque, en condutor tipo RHZ1 18/30 kV 240 mm<sup>2</sup> e as seguintes lonxitudes: AE 03-AE 02: 467 m, AE 02-AE 01: 445 m e AE 01-CSC: 267 m.
- Rede eléctrica soterrada a 30 kV, de interconexión entre CSC e a subestación prevista no parque eólico Rodicio, en condutor tipo RHZ1 18/30 kV 400 mm<sup>2</sup> e unha lonxitude de 4.782 m.

– Centro de seccionamento e control (CSC) do parque, PFU en envolvente de formigón monobloque, con celas de entrada e saída de liña a 30 kV, de protección con interruptor automático Inom 1250 A, e de medida de tensión, así como un centro de transformación para SSAA, de 50 kVA r/t: 30/0,4 kV, coas correspondentes proteccións. Equipamentos de control do parque compostos por PC e software tipo Scada para a supervisión local e remota de instalacións e de equipamento de medida e facturación.

No citado Acordo indícase un enlace para o acceso á documentación ambiental do parque eólico Rodicio II.

<https://edicionportais.xunta.es/web/portal-cei-2014/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

Sen embargo, o enlace non permite o acceso á documentación deste parque pese a relación evidente co parque eólico arestora en exposición pública, o parque eólico Rodicio.



O único que se somete a consulta pública e o proxecto do parque eólico Rodicio que abarca os aerogeneradores, subestación, torres de medición, redes de viais e gaviás pero non a liña de evacuación, que se supón será obxecto doutro proxecto independente ao igual que a subestación, compartida con outros parques.

Cómpre lembrar ao respecto da división artificial de proxectos a STSJ GAL 5691/2020 - ECLI: ES: TSJGAL: 2020:5691 de data 09/11/2020:

*“TERCERO.- Que, como pone de relieve la parte recurrente, nos encontramos ante la división artificial de un único Parque Eólico en dos fases; la fase II carece de los elementos y equipamientos necesarios para ser considerada una instalación independiente de la fase I, entendiéndose el T.S. (s. 20-4-2006, RC 5814/2003) que la figura del Parque Eólico debe ser necesariamente contemplada desde una perspectiva unitaria, pues en otro caso quedaría desvirtuada la naturaleza y la función de este tipo de instalaciones, por lo que les es consustancial que los generadores en ellos agrupados hayan necesariamente de compartir, además de las líneas propias de unión entre sí, unos mismos accesos, un mismo sistema de control y unas infraestructuras comunes (normalmente, el edificio necesario para su gestión y la subestación transformadora) y que la energía resultante ha de inyectarse mediante una sólo línea de conexión del parque, sin que sea posible descomponer, a efectos jurídicos, un parque proyectado para diseccionar de él varios aerogeneradores a los que se daría un tratamiento autónomo;...”*

Non é certo que a efectos ambientais teñan que tramitarse como expedientes separados, xa que logo, o órgano ambiental e o substantivo, neste caso a Consellería de Medio Ambiente e a Consellería de Industria da Xunta de Galicia, estarían a actuar de xeito fraudulento en detrimento do interés xeral para evitar que a cidadanía puidera participar na avaliación sinérxica, conxunta, acumulada, sumativa e global dos impactos ambientais derivados do conxunto das infraestruturas do que ven a ser na praxe un único proxecto industrial.

Para os efectos da elaboración do Estudo de Impacto Ambiental entenderase por parque eólico a unidade formada polo conxunto de aerogeradores, plataformas de montaxe, torres de medición, camiños de acceso e rede de drenaxe, gabias de cableado, transformadores, subestación eléctrica de transformación, edificio de control **e liña eléctrica de evacuación ata o punto de unión cunha liña de evacuación existente á que verta a súa enerxía.**

Indica a promotora do proxecto do parque eólico Rodicio II:

*“Accédese, desde os camiños internos do futuro Parque eólico Rodicio. (Viais compartidos).”*

▮ **PARQUE INTEMPERIE**

**O parque eólico realiza a interconexión eléctrica na Subestación prevista do PE RODICIO, que se atopa nas proximidades, polo que o PE RODICIO II non conta con Subestación propia, soamente cun pequeno centro colector da enerxía.**

▮ **CENTRO DE SECCIONAMIENTO E CONTROL**

*O centro de seccionamiento e control do parque eólico estará constituído por un edificio prefabricado. Neste edificio recollerase toda a enerxía procedente do parque que á súa vez enviará á subestación colectora (a prevista no PE RODICIO) para a súa evacuación á rede eléctrica nacional”.*

A participación do público na toma de decisións en materia do medio ambiente, e en particular, na avaliación ambiental dos proxectos industriais está recollida no Convenio de Aarhus, no artigo 45 da Constitución española e na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente (incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).

Substraer da participación pública e por tanto da avaliación por parte desta de determinadas infraestruturas, polo mero feito de ser compartidas é unha violación severa do espírito de Aarhus e dos dereitos fundamentais inalienables do ser humano, xa que está a impedir e obstaculizar a avaliación global, sumativa e sinérxica dos impactos ambientais do conxunto das infraestruturas do proxecto industrial.

A avaliación ambiental dos impactos da totalidade das infraestruturas do proxecto industrial debe permitir á cidadanía a valoración conxunta, global, sinérxica e sumativa destes, en todas as fases de execución e durante o funcionamento do parque.

☞ **Efectos acumulativos (aditivos, sumativos e globais) con P.E. próximos:**

Existen outros 11 parques eólicos presentes na entorna do proxecto:

- 🚧 Parque eólico Alto do Rodicio
- 🚧 Parque eólico Rodicio
- 🚧 Parque eólico Serra do Burgo ampliación
- 🚧 Pena da Cruz ampliación
- 🚧 Parque eólico Xesteirón
- 🚧 Parque eólico Sil
- 🚧 Parque eólico Fial das Corzas
- 🚧 Parque eólico Xinzo norte
- 🚧 Parque eólico Serra do Burgo
- 🚧 Parque eólico Sil aplicación Fases I e II
- 🚧 Parque eólico Meda Ampliación

☞ **Falla de avaliación dos impactos globais e sumativos de todas as infraestruturas presentes na área do proxecto incluídas as liñas de evacuación.**

Falla de avaliación conxunta, global e sumativa do conxunto dos parques eólicos presentes na zona. **O proxecto eólico Rodicio II é incompatible cos valores naturais e paisaxísticos da súa área de afección. A totalidade das infraestruturas do parque, incluídas as de evacuación da enerxía xerada, deben estar incluídas para a súa consulta pública e avaliación global no**

**presente documento de inicio e non noutros proxectos independentes que impiden á cidadanía a avaliación dos impactos ambientais globais do conxunto das infraestruturas do proxecto industrial.**

A actividade de produción de enerxía eléctrica non pode ser allea a formulacións ambientais de forma tal que a auga dos nosos ríos, a forza do vento ou a calor proveniente do sol, son fontes limpas e inesgotables de produción de enerxía eléctrica que por iso son fomentadas polos estamentos públicos. Precisamente para conseguir eses obxectivos, protexer o medio ambiente e garantir unha subministración eléctrica de calidade, entre outros mecanismos está a avaliación ambiental dos proxectos industriais, que non pode ser burlada mediante a división ou fragmentación artificiosa destes para eludir a finalidade prevista na normativa que a regula.

**2.-** Por ACORDO do 20 de maio de 2022, da Xefatura Territorial de Ourense, sométese a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, coa necesidade de urxente ocupación, a autorización administrativa de construción, o proxecto de interese autonómico e o estudo de impacto ambiental do parque eólico Rodicio, situado nos concellos de Maceda e Montederramo, da provincia de Ourense (expediente IN408A 2018/030), DOG Núm. 109, de 8 de xuño de 2022.

Solicitante: Greenalia Wind Power, S.L.; CIF: B70501473.

Á vista de que os dous proxectos comparten infraestruturas, comparten a mesma área xeográfica e a mesma mercantil promotora, débese someter a documentación ambiental de ambos os dous a exposición pública de forma conxunta, para permitir ao público o acceso á información sobre dos impactos globais de ambos os dous proxectos. Trataríase da división artificiosa aos efectos ambientais do que na praxe sería un único proxecto industrial eólico.

## **II.- IMPACTOS AMBIENTAIS SEVEROS E PREXUIZOS IRREVERSIBLES**

### **Fragmentación en proxectos independentes do que sería un Plan industrial eólico para a mesma área xeográfica:**

Indica a mercantil promotora no EIA:

*“El proyecto de ejecución de la LAT sera objeto de un proyecto independiente”.*

Polo tanto, e a pesar de ser parte das infraestruturas de evacuación deste proxecto subtráese da información pública co que se está a privar á cidadanía afectada e ao público da súa consulta e avaliación dos impactos ambientais vulnerándose a Lei 21/2013, de 9 de decembro de avaliación ambiental e a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico que indica:

### **Artigo 21. Actividades de produción de enerxía eléctrica.**

*“5. Formarán parte da instalación de produción as súas infraestruturas de evacuación, que inclúen a conexión coa rede de transporte ou de distribución, e no seu caso, a transformación de enerxía eléctrica”.*

**A inclusión dos efectos e impactos das instalacións de evacuación de enerxía e de conexión incrementarían considerablemente a magnitude dos impactos detectados no EIA, facendo necesario valorar outras alternativas ou implementar novas medidas correctoras.**

Na realidade estamos a falar dun continxente de parques eólicos que configuran un plan eólico industrial que prevén industrializar unha determinada área xeográfica, e que deba ser avaliado aos efectos ambientais no seu conxunto, facilitando e permitindo a participación da cidadanía no estudo e avaliación global dos impactos da totalidade dos parques e infraestruturas. Estase a facer un uso torticeiro da normativa ambiental a través da división artificiosa de pequenos proxectos eólicos co fin de diluir a globalidade dos impactos ambientais sobre a mesma área xeográfica e substraelos por tanto da participación pública. Cómpre indicar que o Convenio europeo da Paisaxe indica a importancia da participación da cidadanía con respecto ás Paisaxes. Os obxectivos de calidade paisaxística determínanos a Administración en base ás aspiracións da cidadanía, e non en base ás aspiracións dunha mercantil promotora, que é o que se está a realizar na praxe.

### **Ausencia de retorno social do proxecto industrial eólico. Ausencia de utilidade social algunha.**

A mercantil promotora non indica cal é o retorno social do proxecto. O parque non xera emprego algún nin repercute en modo algún de forma positiva na economía da zona. Todo o contrario, xera un Feísmo paisaxístico sin precedentes e industrializa un área xeográfica de elevados valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais prexudicando de xeito irreversible o benestar das familias afectadas.

**Afección significativa, severa e prexuízos irreparables para a Paisaxe e á biodiversidade. Xeración e/ou incremento do Feísmo Paisaxístico e afección severa ao turismo e á hostalería. Vulneración flagrante do Convenio europeo da Paisaxe.**

O proxecto do parque eólico e a súa infraestrutura de evacuación (obxecto dun proxecto independente) fragmenta os hábitats, os ecosistemas e implica directamente a perda de biodiversidade. Pero non é só este parque. Existen outros parques no mesmo ámbito xeográfico. O proxecto eólico engadido aos parques existentes transforma as paisaxes de mosaicos agro –forestais e de montaña nunha paisaxe inhóspita de marcado carácter industrial inzada de muíños e liñas de alta tensión.

Por outra banda, o proxecto afecta de maneira irreversible a lugares identitarios para a poboación e as familias que viven, residen e/ou traballan no ámbito xeográfico do parque e que resultan obviadas pola mercantil promotora.

Estas paisaxes identitarias ou peculiares están construídas a partir das vidas das persoas, as súas percepcións e son moitas veces fundamentais para o sentimento de identidade e o benestar das persoas. Trátase de paisaxes identitarias das persoas que constrúen e viven na paisaxe en si, cuxas miradas probablemente non son panorámicas, nin sequera admiran, pero cuxas percepcións sensoriais descenden aos máis pequenos detalles, identificando paisaxes de vida, soños, símbolos. A mercantil promotora pretende a afección a estas paisaxes sin a preceptiva licenza social.





Estariamos a falar xa dunha paisaxe cada vez máis industrial co abandono progresivo e crecente dos tradicionais mosaicos agro – forestais e de montaña.

O EIA obvia a arqueoloxía da paisaxe e a relación entre os elementos do patrimonio cultural coa paisaxe e con paisaxes simbólicas e identitarias como: o Alto de Rodoira (973 metros), o Monte Mouro, A Corga, A Lagoa, Os Chaos da Lagoa, o Chao da Gándara, a Serra de Meda, a Marteirade, o Teso, as Tapadas Novas, o Codo, o Alto do Rodicio (951 metros), o Sotochán do Rodicio, o Monte da Costa, o Monte Pedroso, o Coto da Casarella (944 metros), o Monte do Viso, a Ponte das Cabras, a Armada, o Monte de Santa Marta (651 metros), O Coto, a Serra de San Mamede, o Areal, o Outeiro do Pereiro, as Portas, o Labadoiro, o Macizo Galaico –Leonés, o Alto da Retorta (925 metros), o río Mao, o Sotochao do Rodicio, A Varea, O Rodicio, A Fonte Fría, A Corga, o Outeiro do Peredo (1051 metros), a Reiga, os Lameiros de Groil, o Alto da Armada (1043 metros), o Alto de San Mamede (1616 metros), a Serra da Queixa, os Altos do Simeón, a Serra do Fial das Corzas, o Xistral (1694 metros), a Serra do Burgo, o Alto da Langoa (963 metros), as Covas, o Santuarios dos Milagres, o Castro de Escuadro, o Mirador da Serra de Meda (1316 metros), O Castelo, o Monte de Meda, a Lomba de Meda...etc.

**Afección severa e prexuízos irreparables para o Camiño de Santiago. Xeración de Feísmo Paisaxístico.**

Patrimonio da Humanidade desde 1993 e Itinerario Cultural Europeo (ICE), unha etiqueta creada polo Consello de Europa para promover unha cultura europea común. O impacto paisaxístico sobre o mesmo é inasumible. A isto hai que engadir o impacto acumulado do continxente de parques previstos para a mesma área xeográfica e os xa instalados.

**Afección severa e prexuízos irreversibles para as Áreas de Interés paisaxístico (AEIP) e xeración de Feísmo Paisaxístico:**

-  AEIP Mosteiro de Montederramo
-  AEIP Castelo de Maceda
-  AEIP Alto de San Mamede – Bidueiral de Montederramo
-  AEIP Río Edreira e Queixa

Cómpre lembrar que o EIA recoñece unha afección visual a 229,56 km<sup>2</sup> de superficie visible, o que non é unha cuestión baladí. A isto hai que engadir a afección dos aeroxeradores do proxecto do parque eólico Rodicio II, en tramitación e os xa instalados como

o parque eólico Alto do Rodicio, o parque eólico Meda, o parque eólico Meda Ampliación, o parque eólico Pena da Cruz e a súa ampliación, o parque eólico da Serra do Burgo e a súa ampliación, o parque eólico do Sil e ampliacións, parque eólico Xesteirón...etc, ao que hai que engadir as liñas de evacuación como a LAT Cartelle Trives e a futura LAT deste proxecto Rodicio, da cal non se sabe nada, agás que se tramita como un proxecto independente e que non se permite ao público valorar os impactos ambientais da mesma conxuntamente cos do parque.

## **Afección paisaxística severa ao Mosteiro de Santa María de Montederramo e o proxecto do parque eólico Rodicio**

### **II.**

A conca visual permite analizar a afección visual sobre as Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP) presentes no radio de 15 km establecido para a análise visual. A Serra de San Mamede, Serra dá Queixa, Altos do Simeón e Serra do Fial das Corzas, con cotas que alcanzan os 1.700 m.

Dentro da área de estudo, os elementos máis sensibles, desde o punto de vista da paisaxe, son as Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP) definidas pola Lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia. A AEIP máis próxima é o “Alto de San Mamede- Bidueiral de Montederramo” a unha distancia de 2,4 km do AE3 cara ao sueste, do mesmo xeito que a AEIP “Río Edreira e Queixa”, no val contiguo o Alto de San Mamede.

Outras AEIP localizadas dentro do alcance da conca visual son a AEIP e BIC “Castelo de Maceda” localizado no acceso á vila desde Ourense, a aproximadamente 10 km do parque eólico.

É de especial relevancia o AEIP “Mosteiro de Santa María de Montederramo” declarado BIC e localizado a 4,04 km do AE3. A afección ao monumento é moi elevada se temos en conta que na entorna hai outros 11 parques eólicos entre os proxectados e os que están en execución, aos que hai que engadir os impactos das subestacións, das liñas de alta e media tensión, cableado, estradas, camiños....etc. Este efecto non foi obxecto de avaliación por parte da promotora.

Os emprazamentos de aeroxeradores sitúanse en zonas elevadas, xeralmente non percorridas por camiños practicables, sendo precisa a construción de viais que permitan dar acceso aos medios de transporte de equipos e maquinaria de montaxe nunha primeira fase, e de explotación e mantemento durante a vida útil do parque.

## **A suma de todas estas infraestruturas produce feísmo paisaxístico, fragmenta o territorio e dá lugar a perda severa de hábitats.**

A serra de San Mamede forma xunto coa serra de Queixa, a serra do Fial das Corzas e as montañas de Invernadeiro, o espazo natural máis completo de alta montaña galega, ou gran macizo ourensán.

### **Vexetación**

Na cara este a vexetación é típica dun clima continental de alta montaña, a chamada rexión eurosiberiana galega. Atópase vexetación de monte baixo. Doutra banda, dirixindo a mirada cara ao oeste, baixando ao val de Maceda, aparecen os carballos, castiñeiros e bidueiros.

### **Reserva Natural**

Esta é unha área protexida coa clasificación de Lugar de Importancia Comunitaria (LIC), membro da rede Natura 2000 e en proceso de cualificación como parque natural. **A promotora recoñece afección severa a hábitats prioritarios e outras formacións vexetais de interese comunitario durante a fase de construción.**

## **Afección severa a itinerarios, sendeiros, miradoiros e áreas recreativas. Xeración de Feísmo Paisaxístico.**

### **Afección severa ao turismo e á hostalería. Afección severa e irreversible para as familias que viven, residen e/ou traballan nos núcleos rurais afectados:**

- ✚ Área de Recreo da Serra de San Mamede, moi afectada polo impacto paisaxístico de alomenos 9 aeroxeradores.
- ✚ Ruta Os Penedos da Moura, afectada de forma severa pola totalidade dos aeroxeradores. A isto hai que engadir o impacto da LAT de evacuación, á que a promotora obvia calquer referencia no EIA.

- + Itinerario Natural Bidueiral de Montederramo (Gabín – Alto de San Mamede), Rede Natura 2000.
- + Campo do Casar
- + Alto de San Mamede
- + Ruta do Santo e ermida de San Mamede, afectada de forma severa pola totalidade dos aerogeradores. A isto hai que engadir o impacto da LAT de evacuación, á que a promotora obvia calquer referencia no EIA.
- + Itinerario Natural Río Queixa (Queixa – A Ferrería – Queixa)
- + Río Queixa
- + Río Navea
- + Corga do Marco
- + Corga de Vademiotos
- + Itinerario Panorámico Montederramo a Manzaneda
- + Mirador de San Fiz
- + Área de Recreo de Pradomao
- + Mirador de Triguás
- + Capela de Triguas
- + Val do Sil
- + Ruta BTT – Circular de Parada de Sil, afectada de forma severa pola totalidade dos aerogeradores. Cómpre lembrar que núcleos como Guendón, Pradomao, A Hedrada están afectados de forma severa polo proxecto eólico.
- + Ruta BTT – Circular de Nogueira
- + Ruta 3 “Circular de Parada de Sil”
- + Itinerario Panorámico Monforte de Lemos al Monasterio de Santo Estevo de Ribas de Sil
- + Mirador de San Fiz
- + Mirador Alto de San Mamede e a ermida de San Mamede, con afección severa polo proxecto eólico.
- + Área de Recreo Monte Medo e Santuario da Virxe dos Milagres.
- + Parque da Ansuíña
- + Mirador de Picouto
- + Val do Medo
- + Área de Recreo da Serra de San Mamede
- + Área de Recreo de Pradomao
- + Mirador de Triguás
- + Mirador de San Fiz
- + Mirador Alto de San Mamede
- + Cabeza de Manzaneda
- + Área de Recreo Monte Medo
- + Mirador de Picouto
- + Parque da Ansuíña
- + Silla da Raiña

Pero ademais, o grao de saturación de parques eólicos é de tal magnitude e os impactos aditivos e sinérxicos son de tal envergadura, que a propia mercantil promotora recoñece expresamente no EIA:

*“Ademas, se debe considerar que los aerogeneradores a instalar se encuentran en una zona donde ya existen otros parques eolicos y se pretenden construir mas (ademas de los tenidos en cuenta para el calculo de esta cuenca visual), lo cual influira en la percepcion visual de la zona.*

*Por todo lo expuesto anteriormente, la presencia del parque eolico Rodicio podra ocasionar un **efecto sinérgico negativo**, derivado de la imagen de continuidad, que puede generar cansancio al observador”.*

**O DESPREZO POLA PAISAXE É TAN EVIDENTE** que este proxecto non merece ser autorizado. O grao de saturación eólica e de industrialización eólica das nosas serras e montes e de tal envergadura que as empresas prefiren non avaliar, como é o caso, os impactos acumulados que se van xerando á medida que se autorizan sucesivamente instalacións eólicas sen planificación algunha e de forma totalmente descontrolada. Semella que o importante é inzar muíños a esgalla e sin importar o efecto acumulado na paisaxe e á afección ao benestar das familias e da fauna. Isto xera **FEÍSMO PAISAXÍSTICO**.

E é que non existe tal efecto sinérxico negativo. En modo algún a presenza de novos muíños neutralizan o efecto dos outros. Esta afirmación constitúe unha burla á cidadanía e un desprezo manifesto pola paisaxe.

 **A relevancia paisaxística da Serra de San Mamede**



A Serra de San Mamede garda hábitats en excelente estado de conservación e un bosque singular: o bidueiral de Montederramo. É unha zona de montaña esgrevia e encerellada que acubilla moitos tesouros naturais.

Os seus importantes e ben conservados hábitats de matogueira limitan con bosques singulares. Nas partes de menos altitude, completan a paisaxe mosaicos de campiña de gran valor natural e cultural con algunhas aldeas espaxadas.

As aves forestais, como o azor común ou o abelleiro europeo, e as especies típicas do mato, como a gatafornela, son aínda comúns na serra. Outras como a aguia real son máis escasas, pero aínda visibles en determinadas zonas.

A serra de San Mamede forma xunto coa serra da Queixa, a serra do Fial das Corzas e os montes do Invernadeiro o espazo natural máis completo da alta montaña galega, o gran macizo ourensán. Pertence aos concellos de Montederramo (ao norte e leste), Maceda (ao oeste) e Vilar de Barrio (ao sur). O punto máis alto é a chamada Fonte do Santo, a 1614 metros de altitude, onde se atopa unha capela na honra do santo que dá nome á serra e onde se celebra unha romaría na segunda semana do mes de agosto.

O municipio de Montederramo, situado dentro da Ribeira Sacra e cun dos máis importantes cumios de Galicia, ofrece unha ampla diversidade de espazos naturais que fan posible a práctica de deportes e actividades ó aire libre.

Predomina a paisaxe de montaña na zona sur pola influencia da Serra de San Mamede. A importancia natural desta é tal que gran parte dela está recoñecida pola Rede Natura 2000 como Lugar de Interese comunitario (LIC) co nome de "Bidueiral de Montederramo", xa que un contén un importante bosque de bidueiros e outras especies autóctonas que se expanden por máis de 250 Has.

A subida ó alto de San Mamede tamén é recomendable polas impresionantes vistas do entorno, chegándose a divisar Verín ou Monforte de Lemos. Alí está a Capela do santo e a fonte da que, según conta a lenda, o eremita fixo manar auga pura e abundante.

Tanto o Bidueiral como o San Mamede contan con rutas de senderismo.

A "Ruta do Bidueiral" pódese considerar hoxe, coma unha das andainas máis fermosas de toda a nosa xeografía galega. Iniciamos o percorrido en Montederramo e dirixímonos á cara norte da mítica Serra de San Mamede. Despois de 8,9 Km chegamos á encrucillada do "Campo do Casar", punto a partir do cal o sendeiro adéntrase no espazo natural "Bidueiral de Montederramo". Situado entre a Ribeira Sacra e o Macizo Central de Queixa-Manzaneda, atópase este inigualable conxunto boscoso, cúa importancia ecolóxica determinou a súa integración na Rede Natura 2000.

Un fermoso paseo de 9,4 Km permite ó sendeirista atravesar unha das máis espectaculares "fragas" de Galicia, a cal alberga relevantes mostras de especies autóctonas (bidueiros, carballos, acivros, abeleiras, cancereixos, piñeiros silvestres, arandeiras,...etc.) e unha variada fauna (corzos, xavaríns, lebres, perdices, gabiáns, aguias, azores, mouchos, bufos,...etc).

☞ **Afección moi severa e prexuízos irreparables para a Rede Natura 2000 e a súa coherencia. Falla de conectividade ecolóxica entre os ecosistemas. Cómpre ter en conta que as especies non entenden de límites xeográficos e que o mantemento da conectividade ecolóxica é fundamental para o mantemento dos ecosistemas e da coherencia da propia Rede.**

📍 Bidueiral de Montederramo (ES1107100021)


📍 Macizo Central (ES1107100007)

📍 Cañón del Sil (ES1120014)

A ZEC Bidueiral Montederramo ubícase case na súa totalidade dentro da cunca visual do proxecto.

Mediante o ANUNCIO do 21 de decembro de 2011, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, acórdase someter á participación do público a proposta de ampliación da rede Natura 2000 de Galicia. Posteriormente o dito prazo ampliábase mediante ANUNCIO do 2 de febreiro de 2012, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, polo que se acorda ampliar o prazo de participación do público na proposta de ampliación da rede Natura 2000 de Galicia. **Na proposta de ampliación da Rede Natura atópase o LIC Macizo Central (ES1130002).**





**Ao anterior hai que engadir os impactos acumulados do proxecto do parque eólico Rodicio II:**

Respecto a as Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA a máis próxima, denominada A Limia, está a uns 13,5 quilómetros. En canto ás Zonas Especiais de Conservación ( ZEC), a máis próxima correspondería á ZEC Bidueiral de Montederramo, situada a un 2,4 km ao leste da zona de implantación.

O humidal máis próximo, denominado Encoro de Leboreiro, sitúase ao norte da zona de implantación, a un 6,5 km do aeroxerador 01, o máis próximo.

A zona de estudo atópase fóra das Reservas da Biosfera, estando a máis próxima, a “Área de Allariz “, a un 17,5 km ao suroeste.

O que ten unha maior superficie de coincidencia das concas visuais é o Parque eólico de Rodicio, que é o máis próximo, e despois os Parques eólicos de Alto de Rodicio e de Sil. E pese a isto, non son obxecto de avaliación ambiental conxunta, pese a constituir un único proxecto industrial.

**A Coherencia da REDE NATURA 2000**

O obxectivo das redes de áreas naturais protexidas de non debe ser tan só preservar especies raras ou ameazadas, ou mostras representativas ou singulares de ecosistemas pouco alterados, senón preservar a integridade ecolóxica dos ecosistemas, o que supón garantir que a súa composición de especies, a súa estrutura ecolóxica e as súas funcións non se vexan alteradas significativamente como consecuencia das actividades humanas e asegurar que os procesos ecolóxicos dos que depende mantéñanse en condicións naturais.

Unha rede ecolóxica é un sistema coherente de elementos naturais ou semi-naturais, establecido e xestionado co obxectivo de manter ou restaurar as funcións ecolóxicas como medio para conservar a biodiversidade. Para iso, é esencial manter tamén a conectividade ecolóxica entre os espazos que compoñen a rede

No ámbito nacional, o artigo 46 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade establece que co fin de mellorar a coherencia ecolóxica e a conectividade da Rede Natura 2000, as comunidades autónomas, no marco das súas políticas ambientais e de ordenación territorial, fomentarán a conservación de corredores ecolóxicos e a xestión daqueles elementos da paisaxe e áreas territoriais que resultan esenciais ou revistan primordial importancia para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético entre poboacións de especies de fauna e flora silvestres.

A Lei 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia no artigo 87.1 desta lei, manifesta o seguinte:

*“Para mejorar la coherencia y la conectividad ecológica del territorio, la Administración autonómica fomentará en su planificación ambiental la conservación de corredores ecológicos y la gestión de aquellos elementos del paisaje y áreas territoriales que*

resulten esenciais o revistan primordial importancia para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético entre poboacións de especies de fauna e flora silvestres, tendo en conta os impactos futuros do cambio climático.”

☞ **Afección moi severa e prexuízos significativos para os recursos hídricos. Vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga (DMA). AUSENCIA DUN ESTUDO HIDROLÓXICO E HIDROXEOLÓXICO QUE GARANTA A CALIDADE DAS MASAS DE AUGA SUPERFICIAIS E SOTERRADAS E A NON AFECCIÓN AOS ACUIFEROS:**

A mercantil promotora obvia as captacións de auga para o uso humano e agrogandeiro e os mananciais e fontes que hai na poligonal do parque eólico e no traxecto da liña de evacuación.

O proxecto afecta de forma severa e prevé prexuízos irreversibles e danos irreparables para os cauces, a vexetación de ribeira e a importantes masas de bosque autóctono galego. Así en relación aos cauces afecta a:

- ✚ Regueiro de Cima de Vila ou Prior
- ✚ A Corga
- ✚ Regato de Asadur que nace na Fonte Fría, no Rodicio (981 metros).
- ✚ Regueiro do Rodicio
- ✚ Río de Covas ou do Rodicio
- ✚ Río da Tabenxa
- ✚ Encoro de Leboreiro (Mao)
- ✚ Encoro de Edrada – Mao
- ✚ Regueiro de Atavenche
- ✚ Regueiro do Reconco
- ✚ Regato dos Perrocás
- ✚ Regueiro A Retorta
- ✚ A Corga de Valdeaugas
- ✚ Regato da Forxa do Castelo
- ✚ Na paraxe dos Visos e na paraxe das Lagoas nacen cauces innominados.
- ✚ Río de Tabenxa
- ✚ A Corga do Coto e o río de Santiago nacen na Serra de San Mamede.
- ✚ Nos Chaos da Lagoa nacen cauces que tribuntan no río Tabenxa.
- ✚ río Castelo nace no Coto de Casarella (944 metros)
- ✚ Regueiro de Forche nace no Monte do Viso, na Serra de San Mamede.

Cómpre ter en conta o carácter higrófilo dos terreos da área xeográfica afectada.

O estudo hidrolóxico presentado pola mercantil promotora non existe como tal. Non permite coñecer o estado dos cauces afectados polas obras, nin contempla medicións de caudal, nin da calidade das augas...etc. O estudo hidroxeolóxico non permite coñecer que masas de auga soterradas vanse ver afectadas, nin cal é a calidade destas, nin en qué puntos se van a producir as afeccións.

Existen multitude de recursos hídricos na área de afección do proxecto obviados pola mercantil promotora.

A mercantil promotora obvia que as infraestruturas do parque prevese a súa localización preto das nascencias dos cauces, en zonas ribeiregas con cauces e humedais. O impacto aos recursos hídricos puidera ser irreversible. A rotura dun acuífero podería deixar sen auga á poboación e incluso a fontes e cauces.

Ao anterior hai que engadir o impacto sobre os recursos hídricos xerados polos parques eólicos previstos e en tramitación na entorna e as súas infraestruturas de evacuación.

A Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, insta os estados membros da UE para fomentar a xestión dos elementos da paisaxe que revistan primordial importancia para a fauna e a flora silvestres. Trátase daqueles elementos que, pola súa estrutura lineal e continua (como os ríos coas súas correspondentes ribeiras ou os sistemas tradicionais de deslinde dos campos), ou polo seu papel de puntos de ligazón (como os estanques ou os soutos) resultan esenciais para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético das especies silvestres.

Na lexislación española, a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. BOE 299, 14/12/2007 (Modificada pola Lei 33/2015. BOE 227, 22/11/2015) define corredor ecolóxico como: “o territorio, de extensión e configuración variables, que, debido á súa disposición e ao seu estado de conservación, conecta funcionalmente espazos naturais de singular relevancia para a flora ou a fauna silvestres, separados entre si, permitindo, entre outros procesos ecolóxicos, o intercambio xenético entre poboacións de especies silvestres ou a migración de espécimes desas especies” (Lei 42/2007. Art. 3).

A preservación da conectividade e a integridade ecolóxica da rede de espazos naturais constitúe un requisito legal imposto polos Directiva Hábitats e pola propia Lei 42/2007. Considerando en ambos os casos a importancia dos corredores ecolóxicos como elementos de unión entre os espazos de alto valor ambiental, as consideradas como zonas núcleo de biodiversidade, representados estes últimos polas áreas protexidas, así como polas áreas que, sen ser designadas legalmente baixo unha figura de protección, manteñen unha elevada biodiversidade.

Dos distintos tipos de corredores ecolóxicos que poden recoñecerse no NW Ibérico (montañosos, fluviais, litorais e mariños), son os corredores fluviais os que de forma máis efectiva favorecen o refuxio, movemento e dispersión dun gran número de especies silvestres, pertencentes a distintos grupos taxonómicos e a distintos tipos de ambientes (terrestres, semiterrestres, acuáticos), servindo ademais de conexión efectiva entre os corredores montanos e as zonas núcleo de biodiversidade, coas establecidas no espazo litoral e mariño.

O concepto de corredor fluvial vai aparelado ao propio concepto de río, que representa moito máis que unha simple masa de auga que circula por un leito. O corredor fluvial abarca o conxunto do territorio fluvial, é dicir, o río na súa canle de estiaxe, a vexetación de ribeira e o espazo que ocupan as augas durante as crecidas, xunto coa cuberta vexetal asociada.

Os corredores fluviais, ademais do seu valor ecolóxico intrínseco, cumpren dúas funcións fundamentais, como conectores ecolóxicos e como reguladores hidrolóxicos.

Respecto ao valor ecolóxico, os corredores fluviais albergan ecosistemas asociados ao río tanto acuáticos como terrestres e de interface entre ambos, configurando un espazo de elevada biodiversidade que funciona como refuxio para moitas especies vinculadas ao ámbito fluvial. Este valor ecolóxico singular vese incrementado pola función fundamental de conectores ecolóxicos entre ecosistemas acuáticos e terrestres e entre zonas de alto valor ambiental territorialmente afastadas. Esta función reviste unha especial importancia ao atoparse moi fragmentados os ecosistemas terrestres por infraestruturas e diversos usos do chan. Neste contexto, os corredores fluviais representan os conectores máis válidos, ou polo menos os máis funcionais, para interconectar poboacións de seres vivos que doutra maneira quedarían illadas.

Finalmente, no seu papel de reguladores hidrolóxicos actúan como laminadores do caudal e das cargas de sedimento que arrastra o río en períodos de crecida, disipando parte da súa enerxía, reducindo os danos asociados e recargando os acuíferos. Desta maneira, o río transporta tanto sedimentos ata as praias como nutrientes aos estuarios e augas costeiras, cos consecuentes beneficios ecolóxicos e económicos asociados.

☞ **Afección severa e prexuízos irreversibles para o sistema de brañas e humidais da zona de afección do proxecto:**

O proxecto afectaría a unha serie de parcelas que reunirían características higrófilas propias de humidais e zonas ribeiregas e son fonte de biodiversidade e riqueza hídrica como:

<b>HUMEDALES, SUPERFICIES HIGRÓFILAS E RIBEIREGAS</b>	
Referencia Catastral	Nome
32044A03200087	Regata Pequena
32044A03200088	Regata Pequena
32044A03200180	Regata Pequena
32044A03200163	Regata
32044A03200169	Regata
32044A03200172	Regata

32044A03200174	Regata
32044A03600128	Regatos
32044A03600129	Regatos
32044A03600130	Fananco
32044A03600131	Fananco
32044A03600134	Fananco
32044A03600135	Fananco
32044A03600136	Fananco
32044A03600138	Fananco
32044A03600139	Fananco
32044A03600225	Revoltizas
32044A03600204	Lameiro Vello
32044A03600226	Revoltizas
32044A03600227	Revoltizas
32044A03600228	Revoltizas
32044A03600229	Revoltizas
32044A03600202	Valdorego
32044A03600205	Lameiro Vello
32044A03600206	Lameiro Vello
32044A03600207	Lameiro Vello
32044A03600208	Lameiro Vello
32044A03600212	Lameiro Vello
32044A03600216	Lameiro Vello
32044A03600217	Lameiro Vello
32044A03600230	Lameiro Vello
32044A03600239	Lagoa
32044A03600240	Lagoa
32044A03600245	Lagoa
32044A03600248	Lagoa
32044A03600249	Lagoa
32044A03600250	Lagoa
32044A03600251	Lagoa
32044A03600252	Lagoa
32044A03600253	Lagoa

32044A03600254	Lagoa
32044A03600255	Lagoa
32044A03600257	Lagoa
32044A03600258	Lagoa
32044A03600259	Lagoa
32044A03600260	Lagoa
32044A03600261	Lagoa
32044A03600263	Lagoa
32044A03600262	Lagoa
32044A03600264	Lagoa
32044A03600267	Lagoa
32044A03600265	Lagoa
32050A05700158	Riba do Corgo
32050A05700157	Riba do Corgo
32050A05700156	Riba do Corgo
32050A05700126	Valadares
2050A05900072	Lagoa
32050A05900071	Lagoa
32050A05900070	Lagoa
32050A05900063	Lagoa
32050A05900062	Lagoa
32050A05900061	Lagoa
32050A05900060	Lagoa
32050A05900059	Lagoa
32050A05900058	Lagoa
32050A05900057	Lagoa
32050A05900056	Lagoa
32050A05900055	Lagoa
32050A05900054	Lagoa
32050A05900053	Lagoa
32050A05900052	Lagoa
32050A05900051	Lagoa
32050A05900050	Lagoa
32050A05900049	Lagoa

32050A05900048	Lagoa
32050A06200002	Laguiñas
32050A06200003	Laguiñas
32050A06600024	Laguiños
32050A06200005	Laguiñas
32050A06600023	Loguiños
32050A06200006	Laguiñas
32050A06600022	Laguiñas
32050A06200007	Laguiñas
32050A06600133	Laguiñas
32050A06200101	Laguiñas
32050A06600021	Laguiños
32050A06200008	Laguiñas
32050A06200009	Laguiñas
32050A06200010	Laguiñas
32050A06200011	Laguiñas
32050A06200012	Laguiñas
32050A06600020	Laguiños
32050A06600019	Lagueiros
32050A06600018	Laguiñas
32050A06600017	Laguiñas
32050A06600016	Laguiños
32050A06600015	Laguiñas
32050A06600014	Laguiños
32050A06600085	Laguiñas
32050A06600012	Salguiños
32050A06600011	Laguiños
32050A06600010	Laguiñas
32050A06200019	Laguiñas
32050A06600032	Tapada Vella
32050A06600031	Tapada Vella
32050A06600030	Tapada Vella
32050A06600029	Tapada Vella
32050A06600028	Tapada Vella

32050A06600027	Tapada Vella
32050A08600023	Fonte de Queixa
32050A08500110	Riba dos Ciralleiros
32050A08500111	Riba dos Ciralleiros
32050A08600022	Fonte de Queixa
32050A08600021	Fonte de Queixa
32050A08500112	Riba dos Ciralleiros

Cómpre ter en conta que as infraestruturas afectan de forma irreversible a estes espazos. Ademais os aeroxeradores aséntanse practicamente sobre humidais, brañas e lagoas. A propia toponimia xa indica que estamos en presenza de humidais, Brañas e Lagoas. A afección aos recursos hídricos é irreversible. As importantes remocións de toneladas de terra para a instalación das cimentacións e plataformas dos aeroxeradores pode romper acuíferos e afectar seriamente ás masas de auga soterradas. Os humidais son fontes de vida, xa que o 40 % das especies do mundo viven ou se reproducen nestes espazos. Tamén son fonte de auga limpa e de alimento, de feito, unha de cada sete persoas depende dos humidais para o seu sustento. Os servizos que brindan os humidais son incalculables e insubstituíbles.

Centos de hectáreas de lagoas, lagos, brañas, xunqueiras, bosques húmidos e turbeiras están en serio risco de desaparición por mor da expansión denscontrolada de eólicos en Galicia. En Galicia só hai 5 humidais protexidos ao abeiro do Decreto 110/2004, do 27 de maio. Posteriormente no ano 2008 a Xunta de Galicia aprobaba o Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia, vixente na actualidade. desde o ano 2008, data de creación do Inventario como rexistro público de consulta dos humidais, a Xunta abandonouno por completo e non se molestou en inventariar debidamente os humidais galegos incumprindo de cheo a Directiva 2000/60/CE, pola que e establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas (en diante DMA).

O obxectivo ambiental da DMA é “establecer un marco para a protección das augas superficiais continentais, as augas de transición, as augas costeiras e as augas subterráneas que preveña todo deterioración adicional e protexa e mellore o estado dos ecosistemas acuáticos e, con respecto ás súas necesidades de auga, dos ecosistemas terrestres e humidais directamente dependentes dos ecosistemas acuáticos”.

A inscrición dun humidal no Inventario de humidais de Galicia deixará constancia, como mínimo da súa dentificación, denominación e descrición, codificación e denominación do humidal, descrición xeral do humidal, tipoloxía, localización e superficie, localización xeográfica, administrativa e hidrolóxica, superficie do humidal, hábitats, vexetación e flora, fauna, réxime de protección, plans e medidas de conservación, estado de conservación e cartografía.

Ao non delimitarse debidamente os humidais do Inventario dificilmente se poden identificar, controlar e moito menos cumprir cos obxectivos de calidade destas masas de auga que esixe a DMA e por tanto, xa non habería ningún obxectivo ambiental que cumprir, abandonando a súa sorte estes espazos que prestan grandes e valiosos servizos ecosistémicos.

O desleixo da Xunta de Galicia con respecto aos humidais e de tal envergadura que na praxe a cidadanía ten que pasar polo que indican as empresas nos proxectos, sen poder constatar a veracidade do que neles se realta. As obras de construción dos parques eólicos sobre estes espazos ou con afección aos mesmos, provoca a desaparición dos valores naturais destes. A apertura de viais, as cimentacións dos muíños, as gavias de cabreado, a construción das subestacións eléctricas, as liñas de evacuación e os centros de seccionamento están a provocar a fragmentación e drenaxe destas zonas húmidas con un impacto ambiental irreversible e inasumible nunha época de crise climática como a actual.

As turbeiras son importantes sumidoiros de carbono e por tanto son cruciais para facer fronte a unha emerxencia climática que está a acelerar a perda de biodiversidade. Os humidais están a desaparecer máis rápido que ningún outro ecosistema e a implantación de parques eólicos non seu ámbito xeográfico non é a solución adecuada para contribuír ao cambio climático. Existen numerosas



zonas de humidaís, xuncaís, brañas e lagoas e directamente afectadas polos aeroxeradores. En consoancia co artigo 21 da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, relativo á consideración do cambio climático na planificación e xestión territorial e urbanística, así como nas intervencións no medio urbano, na edificación e nas infraestruturas do transporte, os humidaís, as brañas e as lagoas, ao igual que as nascencias dos ríos deberan ser consideradas zonas de sensibilidade e exclusión de infraestruturas eólicas, pola súa importancia para a biodiversidade, conectividade e provisión de servizos ecosistémicos.

☞ **Afección severa e irreversible ao benestar das familias que viven, residen e traballan nos núcleos rurais afectados:**

O proxecto de solución de evacuación do parque eólico afecta as familias de núcleos como:

Casar do Mato, A Xestosa, Verducedo, Verducedo de Abaixo, A Lama, Viloxe, Cascarballo, a Cepeda, A Xestosa, A Graña, Montederramo, Mosteiro de Sta. María de Montederramo, A Mazaira, A Palela, A Couzada, A Somoza, A Costa, Vascós, parroquia de Santiago da Costa, Baldrei, O Currelo, Vidalén, parroquia de San Xoán de Covas, Abeledos, A Villeta, Viqueira de Arriba, Viqueira de Abaixo, Casardansola, bouzas, A Caseta, O Rodicio, Outeiro do Cabo, A Couzada, o Alto do Rodicio, Celeirón, Parada...

Existen núcleos especialmente afectados polo impacto acústico e paisaxístico das instalacións como:

- ✚ Bouzas
- ✚ A Caseta
- ✚ Peredo
- ✚ Casar do Mato, moi próximo aos aeroxeradores
- ✚ A Xestosa, moi próximo aos aeroxeradores
- ✚ Verducedo, moi próximo aos aeroxeradores
- ✚ Maceda
- ✚ Alto do Rodicio
- ✚ A Palela, á beira practicamente dos aeroxeradores
- ✚ Calvelino do Monte

Cómpre ter en conta que se prevén muíños de 182 muíños de altura e que existen outras instalacións previstas como o proxecto eólico Rodicio II, o parque eólico Alto do Rodicio, o proxecto eólico Xesteirón...etc. Os impactos acumulados resultan obviados no EIA. O benestar das familias semella un aspecto que non importa no proxecto. A promotora non tivo en conta a opinión das familias directamente afectadas en canto ao impacto paisaxístico, acústico, electromagnético...etc.

☞ **ÉXODO POBOACIONAL PARELLO Á INSTALACIÓN DE INDUSTRIAS AGRESIVAS COA ENTORNA E CO MEDIO AMBIENTE. PRESIÓN INDUSTRIAL EXCESIVA:**

Impacto non avaliado pola mercantil promotora. O interese público e a utilidade social do proxecto carece de base e xustificación. Así o acredita o forte rexeitamento social á instalación masiva de parques eólicos nos núcleos rurais de Galicia. Nun rural no que a Xunta de Galicia permiten inzar muíños en calquer lugar como así o acredita o feito de que na mesma área xeográfica existan máis instalacións eólicas.

Parque Eólico Meda e Ampliación Meda	Iberdrola Energías Renovables de Galicia (Eólicas del Sil, S.A. (por cambio de nome de IBERDROLA Diversificación, S.A.))
Parque eólico ampliación Pena da Cruz	Sistemas Energéticos Chandrexa, S.A. (Antes de Iberdrola Energías Renovables de Galicia, S.A.U. (Antes de Gamesa Energía, S.A.))
Parque eólico Ampliación Serra do Burgo	Iberdrola Energías Renovables de Galicia (Eólicas del Sil, S.A.)
Parque eólico Alto do Rodicio	Iberdrola Energías Renovables de Galicia, S.A.U.

Parque eólico Pena da Cruz	Sistemas Energéticos Chandrexa, S.A. (Antes Iberdrola Energías Renovables de Galicia (Eólicas del Sil, S.A. (por adquisición a GAMESA Energía, S.A.)))
Parque Eólico do Sil	Iberdrola Energías Renovables de Galicia (Eólicas del Sil, S.A. (por cambio de nome de IBERDROLA Diversificación, S.A.))
Parque eólico Ampliación de Sil (Fases I e II)	Iberdrola Energías Renovables de Galicia, S.A.
Parque eólico Xesteirón	
Parque eólico Rodicio II	

